

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE GUITARRA



Centro: 15032133 | ESMU Municipal de Ortigueira



Escola de Música Concello de
Ortigueira

Departamento de corda

Profesor: Xurxo Iglesias Vázquez

ÍNDICE

1. NIVEL BÁSICO (BA-1, BA-2, BA-3)	1
1.1. obxectivos xerais	1
1.2. contidos	2
1.3. metodoloxía	3
1.4. actividades	4
1.5. actividades complementarias e extraescolares	4
1.6. temas transversais	4
1.7. tratamento das TICS	5
1.8. fomento da lectura	5
1.9. organización espacial e temporal	6
1.10. avaliación	6
1.10.1. criterios de avaliación	6
1.10.2. procedementos e instrumentos de avaliación	6
1.10.3. criterios de cualificación	7
1.11. obxectivos específicos nivel básico	7
1.12. atención aos alumnos con necesidades educativas especiais	8
2. PROGRAMACIÓN POR CURSOS	9
2.1. BA-1	9
2.1.1. obxectivos	10
2.1.2. contidos	10
2.1.3. recursos	11
2.1.4. avaliación	11
2.2. BA-2	11
2.2.1. obxectivos	11
2.2.2. contidos	12
2.2.3. recursos	13
2.2.4. avaliación	14
2.3. BA-3	14
2.3.1. obxectivos	14
2.3.2. contidos	15

2.3.3 recursos	15
2.3.4 avaliación	16
3. NIVEL INTERMEDIO (IN-1, IN-2, IN-3)	17
3.1. obxectivos xerais nivel intermedio	17
3.2. IN-1	19
3.2.1. obxectivos	20
3.2.2. contidos	21
3.2.3. recursos	22
3.2.4. avaliación	22
3.3. IN-2	22
3.3.1. obxectivos	22
3.3.2. contidos	23
3.3.3. recursos	23
3.3.4. avaliación	24
3.4. IN-3	25
3.4.1. obxectivos	25
3.4.2. contidos	26
3.4.3. recursos	26
3.4.4. avaliación	27
4. NIVEL AVANZADO (AV-1, AV-2, AV-3, AV-4)	28
4.1. obxectivos Nivel Avanzado	28
4.2. AV-1	29
4.2.1. obxectivos	29
4.2.2. contidos	30
4.2.3. recursos	30
4.2.4. avaliación	31
4.3. AV-2	32
4.3.1. obxectivos	32
4.3.2. contidos	33
4.3.3. recursos	33
4.3.4. avaliación	34
4.4. AV-3	34

4.4.1. obxectivos	35
4.4.2. contidos	35
4.4.3. recursos	36
4.4.4. avaliación	37
4.5. AV-4	37
4.5.1. obxectivos	37
4.5.2. contidos	38
4.5.3. recursos	38
4.5.4. avaliación	39
5. PROGRAMACIÓN ADULTOS (AD-1, AD-2, AD-3)	40
5.1. fundamentación pedagóxica	40
5.2. obxectivos xerais	41
5.3. obxectivos específicos	41
5.4. contidos	41
5.5. metodoloxía	42
5.6. secuenciación/temporalización	43
5.7. avaliación	44
5.8. recursos didácticos	44
5.9. repertorio orientativo	44
5.10. conclusións	45
ANEXO: Rúbrica de seguemento e avaliación	46

1. NIVEL BÁSICO (BA-1, BA-2, BA-3)

1.1. OBXECTIVOS XERAIS- NIVEL BÁSICO

- a) Apreciar a importancia da música como linguaxe artística e medio de expresión cultural dos pobos e das persoas.
- b) Expresarse con sensibilidade musical e estética para interpretar a música de diferentes épocas e estilos, gozar con ela e enriquecer as propias posibilidades de comunicación e de realización persoal.
- c) Coñecer e valorar a importancia da respiración e do dominio do propio corpo non desenvolvemento da técnica instrumental, da calidade do son e da interpretación.
- d) Relacionar os coñecementos musicais coas características da escritura e da literatura do instrumento da especialidade, coa finalidade de adquirir as bases que permitan desenvolver a interpretación artística.
- e) Interpretar en público, coa necesaria seguridade en se mesmo, para vivir a música como medio de comunicación.
- f) Interpretar música en grupo habituándose a escoitar outras voces ou instrumentos, e adaptarse harmonicamente ao conxunto.
- g) Ser consciente da importancia do traballo individual e adquirir a capacidade de escoitarse e ser crítico consigo mesmo.
- h) Valorar o silencio como elemento indispensable para o desenvolvemento da concentración, a audición interna e o pensamento musical.
- i) Ser consciente da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.
- j) Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable non enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

O ensino da guitarra no Nivel Básico terá como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

- Adoptar unha posición axeitada do corpo respecto do instrumento, que posibilita e favoreza a acción do conxunto brazo-antebrazo-pulso-mans-dedos esquerdos sobre o diapason, e dos dereitos sobre as cordas.

- Coñecer as características e as posibilidades sonoras do instrumento para conseguir un perfeccionamento continuo da calidade sonora e saber empregalo, dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual como na de conxunto.
- Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes épocas e estilos, dunha dificultade acorde a este nivel.

1.2. CONTIDOS

- Percepción e desenvolvemento das funcións motoras que interveñen na execución guitarrística, e da súa adecuada coordinación.
- Desenvolvemento da habilidade de cada man e da sincronización de ambas.
- Desenvolvemento da sensibilidade auditiva, como factor fundamental para a obtención da calidade sonora.
- Afinación das cordas.
- Desenvolvemento da distancia entre os dedos da man esquerda.
- Principios xerais da dicitación guitarrística e o seu desenvolvemento, para expresar coa maior claridade as ideas e os contidos musicais.
- Traballo da dinámica e da agónica.
- Emprego das posibilidades tímbricas do instrumento.
- Coñecementos básicos dos recursos da guitarra.
- Aprendizaxe das formas de ataque na man dereita para conseguir progresivamente unha calidade sonora adecuada e realizar planos simultáneos.
- Iniciación á comprensión das estruturas musicais nos seus niveis (motivos, temas, períodos, frases, seccións, etc.), para chegar a unha interpretación consciente e non simplemente intuitiva.
- Desenvolvemento dunha condución clara das voces en obras contrapuntísticas.
- Harmónicos naturais.
- Iniciación á grafía contemporánea.
- Adestramento permanente e progresivo da memoria.
- Adquisición de hábitos de estudo correctos.
- Selección progresiva en canto ao grao de dificultade de exercicios, estudos e obras do repertorio guitarrístico que se consideren útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumnado.

- Práctica de conxunto.

1.3. METODOLOXÍA

O ensino musical non consiste nunha mera exposición e esixencia de materia por parte do profesor, senón nun activo intercambio de experiencias e emocións entre este e o alumno. A música é unha linguaxe e como tal pode expresar impresións, sentimentos e estados de ánimo. Debemos, a partir do principio e de maneira gradual, ir facendo ao alumno a sintonizar coa linguaxe musical, o cal é máis posible canto menor sexa a idade do alumno. Para conseguir este obxectivo así como os obxectivos técnicos, é necesario desenvolver un bo método educativo que ordene todas as dificultades necesarias da materia nunha progresión tal, que cada unha constitúa un chanzo para a seguinte, e que estes peldaños entre unha e outra sexan suficientemente difíciles como para estimular o esforzo sen selo ata o punto que poidan constituír un obstáculo. Para iso a clase debe ser planeada coidadosamente, permitindo chegar aos obxectivos finais que nun principio propuxemos, pero todo iso con certa flexibilidade, aportando orixinalidade e frescura á clase e adaptándonos ás características específicas do alumno. En sínteses: o noso punto de partida consistirá en potenciar ao alumno para que poida vencer por si mesmo as súas propias dificultades.

O labor do profesor non debe limitarse pois a inculcar coñecementos, se ben é indispensable que o alumno chegue a adquirir unha técnica determinada; buscarase ademais unha formación máis completa e tratarase de convertelo en membro activo do mundo musical, e desenvolver nel actitudes de sensibilidade estética, de atención e escucha activa, de valoración da calidade do traballo realizado co esforzo persoal, valoración e respecto do espazo sonoro persoal. Procurarase a integración voluntaria nun conxunto ou grupo instrumental con actitude desinhibida e non exhibicionista, para adiestrar o oído harmónico e a afinación no traballo colectivo. Potenciarase o diálogo e aproveitaranse todas as oportunidades para a autocorrección.

Potenciarase ao máximo a participación do alumno en clase e nos diversos actos que se organicen ao longo do curso. É importante a colaboración entre seminarios, organizando actividades, formando grupos instrumentais etc. Organizaranse concertos pedagóxicos a cargo dos alumnos e do profesorado Como

complemento á tarefa de formación no aula, pódese organizar un curso para os alumnos co obxecto de desenvolver, entre outros moitos, os seguintes obxectivos: Reforzar o labor docente do profesorado e favorecer o coñecemento doutras escolas internacionais, permitíndolles entrar en contacto con grandes talentos artísticos no campo do seu instrumento. Permitir ao profesorado perfeccionar a súa formación, en contacto con grandes e experimentados pedagogos de talle internacional.

Potenciaranse intercambios con outros centros educativos.

1.4. ACTIVIDADES

Ao comenzo de cada clase e dependendo do que vaia a tocar, farase unha actividade introdutoria, que pode ser desde tocar algo que xa tocara noutra ocasión ata facer unha análise previa do estudo ou obra. Faranse despois unha actividade de avaliación inicial, que dependerá da natureza do que se esté a traballar, esta actividade farase sobre todo cando se quera encinar algo novo como a articulación, o vibrato, etc. Faranse actividades de desenvolvemento, como tocar os estudos e obras, analizarlos, etc.

Unha vez feito isto, faranse unhas actividades de síntese (tocar algo parecido a primeira vista, por exemplo) e unhas actividades de avaliación para ver o que alumno captou. Se o alumno non presentara o desenvolvemento agardado, faranse actividades de recuperación (que poden ser desde facer un traballo ata tocar algo do mesmo estilo), e se polo contrario o alumno estivera moi interesado no tema e supera con creces os obxectivos, faranse actividades de ampliación (traballos, tocar algo de cámara, an grupo, traballar libros de ampliación...).

1.5. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Trataranse de facer, ademáis das audicións de Departamento, audicións interdepartamentais, concertos noutras escolas de música e entidades culturais, seguindo o Plan Anual de Actividades..

1.6. TEMAS TRANSVERSAIS

Ademáis dos valores universais de respecto e convivencia que afectan aos ámbitos da educación ambiental, da educación para a igualdade, da educación para a paz, da educación para o lecer e da educación moral e cívica, que sempre son

traballados nas clases, nas aulas traballaremos especialmente para que os alumnos adquiran coñecementos e habilidades para ser capaces de valorar a música dende un punto de vista estético e artístico.

Dada a natureza dos estudos musicais, traballarase tamén a educación para a saúde, pois haberá que inculcar nos alumnos os bos hábitos de posición, respiración etc.

1.7. TRATAMENTO DAS TICS

As Tecnoloxías da Información e da Comunicación constitúen un elemento fundamental no proceso educativo da Escola Municipal de Música de Ortigueira. Utilízanse tanto como ferramenta didáctica nas aulas como medio de comunicación e difusión cara ao alumnado e á comunidade.

O seu emprego persegue dous obxectivos principais:

- **Didáctico**, favorecendo a aprendizaxe, a motivación e a autoavaliación do alumnado.
- **Comunicativo e cultural**, proxectando o labor da Escola e contribuíndo á súa presenza activa na vida cultural do Concello.

Na Escola de Música, contamos cos seguintes recursos:

- Uso de pantalla dixital nas clases.
- Audios play-along para acompañamento.
- Gravación das audicions individuais para autoavaliación.
- Difusión das audicións de grupos no YouTube da Escola.
- Participación en proxectos de raio/podcast e publicacións na web

ortigueiramusica.com

1.8. FOMENTO DA LECTURA

Enfocaremos o fomento da lectura procurando que os alumnos teñan acceso a diversos autores e estilos da literatura musical, incentivando a interese por coñecelos.

1.9. ORGANIZACIÓN ESPACIAL E TEMPORAL

Débese contar cunha aula específica do instrumento, onde o alumnado poida dispoñer de material específico, biblioteca de aula, etc. Ademais, precísase que a aula conte cun piano, para que o profesor de instrumento poida supervisar e aconsellar ós alumnos e alumnas nas súas interpretacións. Debe ser unha aula espazosa, para facilitar o movemento, a organización de clases colectivas, etc. E convinte, así mesmo, contar coa posibilidade de que os alumnos e alumnas teñan audicións en salón de actos, auditorio, etc, para que vaian desenvolvendo unha correcta actuación ante públicos diversos. A referencia temporal é a dun curso académico, con tres avaliacións, unha por trimestre.

1.10. AVALIACIÓN:

1.10.1. Criterios de avaliación

A avaliación da aprendizaxe será continua e integradora, aínda que diferenciada segundo as distintas materias do currículo. Os criterios de avaliación establecen o tipo e grao de aprendizaxe dos alumnos respecto dos obxectivos xerais das ensinanzas, as capacidades indicadas nos obxectivos específicos das ensinanzas profesionais de música e os propios de cada especialidade. O nivel de cumprimento destes obxectivos, en relación cos criterios de avaliación fixados, ha de ser medido tendo en conta o contexto do alumno así como as súas propias características e posibilidades. Fundamentalmente, a avaliación cumpre unha función formativa, ao ofrecer ao Profesorado uns indicadores da evolución dos sucesivos niveis de aprendizaxe dos seus alumnos, coa conseguinte posibilidade de aplicar mecanismos correctores das insuficiencias advertidas. Por outra banda, eses indicadores constitúen unha fonte de información sobre o mesmo proceso de ensino. Desta forma, os criterios de avaliación veñen a ser un referente fundamental de todo o proceso interactivo de ensino e aprendizaxe.

1.10.2. Procedementos e instrumentos de avaliación

Os instrumentos de avaliación deben ser obxectivos, fiables e ponderables, capaces de discriminar niveis de rendemento a través de escalas cuantitativas (numéricas) e cualitativas (cualificacións).

A avaliación non estará centrada exclusivamente nos contidos de tipo conceptual, senón que se valorarán tamén os contidos procedimentais e actitudinais, polo tanto, empregaránse como ferramentas de avaliación as seguintes:

- Observación sistemática, diaria e individual de cada alumno.
- Material de clase do alumno.
- Diario de clase do profesor, onde serán anotadas as actividades realizadas con cada grupo, etc..
- Realización de traballos en grupo, abrindo un debate e con aportación de ideas de cada alumno.

1.10.3. Criterios de cualificación

A cualificación non terá carácter numérico, senón **cualitativo**, seguindo o establecido nos modelos oficiais da Escola.

Escala de cualificación cualitativa

- **Excelente** – Supera amplamente os obxectivos. Actitude exemplar.
- **Ben** – Cumpre axeitadamente os obxectivos. Participación activa e responsable.
- **Apto** – Cumpre os mínimos establecidos. Evolución positiva.
- **Apto con mellora pendente** – Cumpre o mínimo, pero con aspectos mellorables.
- **Necesita mellorar** – Non alcanza os obxectivos con claridade.
- **Non apto** – Non se observou progreso significativo nin actitude adecuada.

1.11. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS NIVEL BÁSICO

- Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión. Este criterio de avaliación pretende constatar a capacidade do alumnado para a desenvolver con certo grao de autonomía na lectura dun texto.

- Memorizar e interpretar textos musicais empregando a medida, a afinación, a articulación e o fraseo axeitados ao seu contido. Este criterio de avaliación pretende comprobar, a través da memoria, a correcta aplicación dos coñecementos teórico-prácticos da linguaxe musical.
- Interpretar obras de acordo cos criterios do estilo correspondente. Este criterio de avaliación pretende comprobar a capacidade do alumnado para empregar o tempo, a articulación e a dinámica como elementos básicos da interpretación.
- Describir logo dunha audición os trazos característicos das obras escoitadas. Con este criterio, preténdese avaliar a capacidade para percibir e relacionar cos coñecementos adquiridos os aspectos esenciais de obras que o alumnado poida entender segundo o seu nivel de desenvolvemento cognitivo e afectivo, aínda que non as interprete por seren novas para eles ou por resultaren aínda inabordables pola súa dificultade técnica.
- Amosar nos estudos e nas obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual. Este criterio de avaliación pretende verificar se o alumnado é capaz de aplicar no seu estudo as indicacións do profesorado e, con elas, desenvolver unha autonomía progresiva de traballo que lle permita valorar correctamente o seu rendemento.
- Interpretar en público, como solista e de memoria, obras representativas do seu nivel no instrumento, con seguridade e control da situación. Este criterio de avaliación trata de comprobar a capacidade de memoria e autocontrol, e o dominio da obra estudada. Así mesmo, pretende estimular o interese polo estudo e fomentar as capacidades de equilibrio persoal que lle permitan enfrontarse con naturalidade ante un público.
- Actuar como membro dun grupo e manifestar a capacidade de tocar ou cantar, ao mesmo tempo que escoita e adáptase ao resto dos instrumentos ou das voces. Este criterio de avaliación presta atención á capacidade do alumnado para adaptar a súa afinación, precisión rítmica, dinámica, etc., á dos seus compañeiros ou compañeiras nun traballo común.

1.12. ATENCIÓN ÓS ALUMNOS CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS (MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE):

Para aqueles alumnos que demostren na avaliación inicial e continua problemas no seu proceso de aprendizaxe, ou calquera necesidade educativa específica poderanse establecer, segundo os alumnos e as circunstancias, as seguintes directrices:

- Seguimento máis exhaustivo dos devanditos alumnos, tanto a nivel de profesor-alumno como profesor-pais e profesor- titor.
- Realización de adaptacións metodolóxicas
- Realización de adaptacións do material didáctico a empregar
- Realización de adaptacións nos criterios de avaliación
- Control permanente dos coñecementos ou actitudes falidas.
- **Atención ao alumnado con necesidades educativas especiais (NEE):** nas aulas colectivas establécese un máximo dun alumno/a con NEE por grupo, de acordo co artigo 4 do Regulamento.

2. PROGRAMACIÓN POR CURSOS

MÍNIMOS EXISIBLES NIVEL BÁSICO

Para obter unha calificación de mais de 5, o alumno ten que tocar un mínimo de 6 estudos e tres piezas, e ter superados o 80 por cento dos criterios de avaliación.

ACTIVIDADES NIVEL BÁSICO

Nestes primeiros cursos, as actividades irá encamiñadas a atraer ó alumno ó mundo da música, podendo facer as súas propias pezas conforme vaian aprendendo as notas dos distintos rexistros, improvisar, tocar temas coñecidos para afianzar coñecementos. Evitaranse as explicacións longas que poidan aburrir (debe evitar as charlas e poñer exemplos prácticos). O mellor é que sexan eles mesmos os que

vaian descubrindo a guitarra. O profesor deberá en todo momento supervisar e asegurar que o alumno vai facendo o seu traballo.

2.1 BA-1

2.1.1. Obxectivos

a) Técnicos.

- Corpo:

Adopción dunha correcta posición coidando evitar tensión nas costas e ombreiros.

- Man dereita:

Adopción dunha posición correcta.

Pulsación: tirando e apoiando.

Arpexos: pi , pim, pima, pimi.

Acordes plaqué pi, pm, mi.

- Man esquerda.

Adopción dunha posición correcta.

Posición de acordes sen cella maiores e menores que sexan posibles segundo a man do/a alumno/a.

- Ambas mans

Escalas de unha oitava en Do maior, La menor e Sol maior en primeira posición.

Coñecer as notas do diapasón en primeira posición.

Iniciación á afinación.

Desenvolvemento da memoria musical.

Lectura a vista.

b) Musicais.

Aplicación dos contidos teóricos de 1º de Linguaxe musical coma son a matices e agónica.

Identificación das frases regulares de oito compases.

2.1.2. Contidos

- Desenrolo da habilidade de cada man e a sincronización de ámbalas dúas.
- Afinación das cordas por equisonos.
- Aprendizaxe das diversas formas de ataque na man dereita.
- Traballo da memorización de frases de oito compases.
- Adquisición de hábitos de estudo correctos.
- Traballo en grupo.

2.1.3. Recursos

Camacho, T: Escuela de Guitarra, Vol. 1.

Muro, J. A: Método de J.A. Muro, (leccións 1-6).

Nomar, Z: La guitarra. Iniciación. Real Musical.

Sanz, Luisa: La guitarra paso a paso, vol.I Ed. Real Musical.

El patio de mi casa; Tanto vestido blanco; Frere Jacques; Campanitas; Malagueña; Estudio abierto; Estudio arpegio; Divertimento (Cano); Cantiga a Santa María.

D. Aguado: Método de guitarra. 1º parte nº 1 ó 3

F. Sor: Estudios op.60

L. Brouwer: Estudios sinxelos nº 1 ó 5

2.1.4. Avaliación

A avaliación será positiva sempre e cando se acaden os obxectivos e contidos incluídos na programación do presente curso, así como o traballo satisfactorio do repertorio proposto. A avaliación é continua, polo que terase en conta o traballo diario na casa para fomentar un san e progresivo hábito de estudo. Teranse asimesmo en conta a asistencia ás actividades complementarias que se propoñan dende o departamento de corda pulsada. Tamén se terá en conta a realización do exercicios de técnica propostos polo profesor.

2.2. BA-2

2.2.1. Obxectivos

a) Técnicos.

- Corpo:

Adopción dunha correcta posición coidando evitar tensión nas costas e ombreiros.

- Man dereita:

Adopción dunha posición correcta.

Pulsación: tirando e apoiando.

Arpexos: pi , pim, pima, pimi, pimami.

Acordes plaqué: pi, pm, mi, pim

- Man esquerda.

Adopción dunha posición correcta.

Posición de acordes sen cella maiores e menores que sexan posibles segundo a man do/a alumno/a.

Iniciación na media cella.

Iniciación aos ligados simples ascendentes e descendentes.

- Ambas mans

Escalas diatónicas dunha oitava en tonalidades de ata tres alteracións descendentes e catro ascendentes e de dúas oitavas de La menor, La maior, Sol Maior, Mi menor. Escalas cromáticas.

- Lectura a vista.

Coñecer as notas do diapasón en segunda posición e terceira posición.

Harmónicos no traste 12.

b) Musicais.

Aplicación dos contidos teóricos de 2º de Linguaxe musical na interpretación do repertorio.

Identificación da forma binaria tipo suite.

Iniciación ao traballo da tímbrica: sul tasto e ponticello.

2.2.2. Contidos

- Desenrolo da habilidade de cada man e a sincronización de ámbalas dúas.

- Afinación das cordas por equisonos.

- Aprendizaxe das diversas formas de ataque na man dereita.
- Traballo progresivo da memoria.
- Adquisición de hábitos de estudo correctos.

2.2.3. recursos

- Aguado, D: Método de guitarra (U.M.E.) estudio nº 2.
- Anónimo: Greensleeves.
- Brouwer, L: estudios sencillos, nº 1,2.
- Giuliani, M: Le papillon op. 30, nº 1.
- Sor, F: Estudios (revisión Regino Sáinz de la Maza, edición U.M.E.), nº 1 y 2.
- Fernando Sor: Estudios (revisión Regino Sáinz de la Maza, edición U.M.E.), nº 3-5.
- B. Lester: Trémolo, Arpeggio, Scales y Barre (The Esencial Guitar Skills)
- Sanz, Luísa: La guitarra paso a paso, vol.I Ed. Real Musical.

Tema de Albéniz.

Ines, Ines (I e II). Popular.

Au clair de la lune. Popular.

Branle de Poitou.

Christ ist erstanden.

Minueto de la suite nº 8 (R. De Visee)

Greensleaves (Anónimo)

Packington's pound.

The sick tune.

Minueto en la menor (J. Krieger).

Danza del hacha.

Ein welscher tantz.

Vals (D. Aguado)

Andantino (M. Carcassi).

Estudio nº2 e 7 (D. Aguado)

Minueto Fácil. (D. Aguado)

Danza de Brandenburgo.

Estudio nº2, 6 e 21 (F.Carulli)

Vals (M.Carcassi)

Estudo nº1 e 8 Op. 60 (F. Sor)

La Mariposa nº1 (M. Giuliani)

Vals (Viñas)

Minuetto (M. Carcassi)

- VV. AA: Modern times Vol.I. Ed. Chanterelle.

Preludio (J. M. Zenamón)

Mexico- 18th September, 1985 (Gilbert Biberian)

2.2.4. Avaliación

A avaliación será positiva sempre e cando se acaden os obxectivos e contidos incluídos na programación do presente curso, así como o traballo satisfactorio do repertorio proposto. A avaliación é continua, polo que terase en conta o traballo diario na casa para fomentar un san e progresivo hábito de estudo. Teranse asimesmo en conta a asistencia ás actividades complementarias que se propoñan dende o departamento de corda pulsada. Tamén se terá en conta a realización do exercicios de técnica propostos polo profesor.

2.3. BA-3

2.3.1. Obxectivos

a) Técnicos.

- Corpo:

Adopción dunha correcta posición coidando evitar tensión nas costas e ombreiros.

- Man dereita:

Adopción dunha posición correcta.

Pulsación: tirando e apoiando.

Arpexos: Traballo de arpexos de tres e catro dedos.

Acordes plaqué: Traballo de acordes plaqué de tres e catro dedos.

- Man esquerda.

Adopción dunha posición correcta.

Posición de acordes sen cella maiores e menores e de media cella (Fa maior e Si menor) que sexan posibles segundo a man do/a alumno/a.

Traballo da media cella.

Iniciación aos ligados mixtos.

- Ambas mans

Escalas diatónicas dunha e dúas oitavas en tonalidades de ata tres alteracións descendentes e catro ascendentes. Escalas cromáticas.

Coñecer as notas do diapasón ata a quinta posición.

Harmónicos en trastes 5, 7 e 12.

Lectura a vista.

b) Musicais.

Aplicación dos contidos teóricos de 3º de Linguaxe musical na interpretación do repertorio.

Identificación da forma binaria tipo suite. Iniciación á comprensión das estruturas musicais nos seus diferentes niveis: motivos, temas, períodos, frases, seccións para conseguir unha interpretación consciente.

Traballo da tímbrica: sul tasto e ponticello.

Traballo da dinámica e da agónica.

2.3.2. Contidos

- Desenrolo da habilidade de cada man e a sincronización de ámbalas dúas.
- Afinación das cordas por equisonos e iniciación á afinación por harmónicos.
- Aprendizaxe das diversas formas de ataque na man dereita.
- Traballo da memorización.
- Adquisición de hábitos de estudo correctos.
- Audición e visionado de guitarristas recoñecidos.
- Coidado das uñas.

2.3.3. Recursos

- Dionisio Aguado: Método de guitarra (U.M.E.) estudio nº 1,3 y 5
- Brouwer, L: Estudios sencillos, nº 3-5.
- Dowland, J: Cuatro piezas fáciles (Universal Edition), nº 1 y 2.
- Giuliani, M: Le papillon op. 30, nº 1-10.

Sanz, Luísa: La guitarra paso a paso, vol.I Ed. Real Musical.

Mi favorita (Anónimo)
Ines, Ines (III e IV)
Sarabanda (J.A. Logy)
The sick tune.
Minueto a dos voces (J. Krieger)
Minueto en mi menor (R. De Vissee)
Menuet (S.L. Weiss)
Tourdion (P. Attaignant)
Kemp's jig
Branle simple (A Le Roy)
Folía de España
Soneto (E. De Valderrábano)
La Mariposa nº13 (M. Giuliani)
Minuetto (F. Sor)
Estudio IV (J. Fernández)
Pequeña pieza (W. A. Mozart)
Andantino (M. Carcassi)
Estudio nº6 e 15 op.60 (F. Sor)
Maestoso. (M. Giuliani)
Vals (J. Viñas)
Minuetto (M. Carcassi)
Larghetto (F. Carulli)
Pastorale (M. Carcassi)

- VV. AA: Modern times Vol.I. Ed. Chanterelle.
 - Escalando e Paisaje (J. M. Zenamón)
 - Chanson du Marin Disparu (Francis Kleynjans)
 - Estudio a la cubana (Ernesto Cordero)
- VV. AA: Modern times Vol.III. Ed. Chanterelle.
 - Recuerdo (J. M. Zenamón)

2.3.4. Avaliación

A avaliación será positiva sempre e cando se acaden os obxectivos e contidos incluídos na programación do presente curso, así como o traballo satisfactorio do repertorio proposto. A avaliación é continua, polo que terase en conta o traballo diario na casa para fomentar un san e progresivo hábito de estudo. Teranse asimesmo en conta a asistencia ás actividades complementarias que se propoñan dende o departamento de corda pulsada. Tamén se terá en conta a realización do exercicios de técnica propostos polo profesor.

3. NIVEL INTERMEDIO (IN-1, IN-2, IN-3)

MINIMOS EXISIBLES NIVEL INTERMEDIO

Para obter unha calificación de mais de 5, o alumno ten que tocar entre 6 e 8 estudos(o número de estudos depende da dificultade) e tres obras, e ter superados o 80 por cento dos criterios de avaliación.

ACTIVIDADES NIVEL INTERMEDIO

As actividades irá encamiñadas a ir facendo ao alumno consciente da súa aprendizaxe, da necesidade do estudo e traballo constante. O profesor deberá en todo momento supervisar e asegurar que o alumno vai facendo ben este traballo, sobre todo no equilibrio das cuestións técnicas e musicais. Tamén debe presentar as audicións, concertos, o exames como algo natural. supervisar e asegurar que o alumno vai facendo o seu traballo. Debe ir introducindo ao alumno no mundo da análise sinxela e invitar a escoitar música de diferentes períodos e xeografías, presentar as audicións, concertos ou exames como algo natural, invitar ao alumno a ler sobre a música, tocar pezas que atope, sacar pezas que lle gusten,...

A primeira parte das clases serán de técnica para poder ver o desenvolvemento continuo do alumno e reforzar ou ampliar no caso de que haxa problemas. A segunda parte, será mais musical (asegurando o equilibrio técnica- musica e tamén para que o alumno vexa necesario ter ambas cousas), e irá introducindo ó alumno nunha análise mais complexa, con traballos sobre compositores, ou a guitarra na época da obra que se esté traballando, etc. Seguirá tratándose a improvisación e a lectura a vista.

3.1 obxectivos xerais Nivel Intermedio

- a) Habituar a escoitar música e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.
- b) Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de formación e enriquecemento persoal.
- c) Analizar e valorar a calidade da música.
- d) Coñecer os valores da música e optar polos aspectos xurdidos da máis axeitados para o desenvolvemento persoal.
- e) Participar en actividades de animación musical e cultural que permitan vivir a experiencia de transmitir o gozo da música.
- f) Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da música.
- g) Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio histórico e cultural.
- h) Tomar conciencia da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.
- i) Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable non enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

As ensinanzas de guitarra no nivel intermedio de música terán como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

- a) Dominar no seu conxunto a técnica e as posibilidades sonoras e expresivas do instrumento, así como alcanzar e demostrar a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.
- b) Utilizar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: Dixitación, articulación, fraseo, etc
- c) Coñecer as diversas convencións interpretativas vixentes en distintos períodos da historia da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica ou á ornamentación.

- d) Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria
- e) Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento
- f) Practicar a música de conxunto, integrándose en formacións camerísticas de diversa configuración.
- g) Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas das diversas épocas e estilos dunha dificultade adecuada a este nivel.

Contidos

- Afondar no estudo da dixitación e a súa problemática: dixitación de obras ou pasaxes polifónicos en relación coa condución das distintas voces. Perfeccionamento de toda a gama de articulacións e modos de ataque.
- A dinámica e a súa precisión na realización das diversas indicacións que a ela se refire, e o equilibrio dos niveis e calidades de son resultantes.
- O fraseo e o seu adecuación aos diferentes estilos.
- Aplicación das regras de ornamentar ao repertorio da guitarra de acordo coas esixencias das distintas épocas e estilos.
- Utilización dos efectos característicos do instrumento (timbres, percusión, etc.). harmónicos octavados.
- Estudo dun repertorio de obras de diferentes épocas e estilos.
- Iniciación á interpretación de música contemporánea e ao coñecemento dos seus grafías e efectos.
- Adestramento permanente e progresivo da memoria.
- Práctica da lectura a vista.
- Audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de xeito crítico as características das súas diferentes versións.
- Práctica de conxunto.

3.2. IN-1

3.2.1. Obxectivos

a) Técnicos.

- Corpo:

Adopción dunha correcta posición coidando evitar tensión nas costas e ombreiros.

- Man dereita:

Adopción dunha posición correcta.

Pulsación: tirando e apoiando.

Arpexos: Traballo de arpexos de tres e catro dedos.

Acordes plaqué: Traballo de acordes plaqué de tres e catro dedos

- Man esquerda.

Adopción dunha posición correcta.

Posición de acordes maiores e menores.

Traballo de cella completa.

Perfeccionamento dos ligados mixtos.

- Ambas mans

- Escalas diatónicas dunha e dúas oitavas en tonalidades de ata tres alteracións descendentes e catro ascendentes. Escala de Mi maior de tres oitavas. Escalas cromáticas.

- Coñecer as notas do diapasón ata a duodécima posición.

- Tocar en público.

- Lectura a vista.

- Capacidade crítica con un mesmo.

- Harmónicos en trastes 5, 7 e 12.

b) Musicais.

Aplicación dos contidos teóricos de 4º de Linguaxe musical coma son a matices e agónica.

Identificación da forma binaria tipo suite. Iniciación á comprensión das estruturas musicais nos seus diferentes niveis: motivos, temas, períodos, frases, seccións para conseguir unha interpretación consciente.

Traballo da tímbrica: sul tasto e ponticello.

Traballo da dinámica e da agónica.

Desenrolo dunha condución clara das voces en obras imitativas.

3.2.2. Contidos

- Desenrolo da habilidade de cada man e a sincronización de ámbalas dúas.
- Afinación das cordas por harmónicos.
- Aprendizaxe das diversas formas de ataque na man dereita.
- Traballo da memorización.
- Adquisición de hábitos de estudo correctos.
- Nocións básicas de dixitación.

3.2.3. Recursos

- Aguado,D: Método de guitarra, nº 1, 3, 7, 8, 9, 10, 20, 26
- Anónimo: Romance.
- Brouwer, L: Estudios sencillos, nº6-8.
- Carcassi, M: Estudios (op. 60) nº 7.
- Dowland, J: Cuatro piezas fáciles (Universal Edition), nº 3 y 4 Orlando Sleepeth.
- Mauro Giuliani: Le papillon op. 30, nº 5-10, nº 13, 31 y 32.
- Milán, Luis de: Pavana nº 1 y Peschatore que va cantando.
- Leclercq,F: Six Colours y Outremer (six nuances).
- Pisador, D: Pavana muy llana para tañer
- Sanz, Luísa: La guitarra paso a paso, vol.I Ed. Real Musical.
 - Pequeña suite: Española. (G. Sanz)
 - Tourdion (A. Le Roy)
 - Fantasia.
 - Rosa das Rosas.
 - Kemp's jig.
 - Minueto. (J. S Bach.)
 - Menuet (S. L. Weiss)
 - Almande (A. Le Roy)
 - Folía de España.
 - Soneto (E. Valderrabano)
 - La Mariposa nº13 (M. Giuliani)
 - Estudio nº15 (F. Carulli)

Larghetto (F. Sor)
Vals (M. Carcassi).
Estudio (F. Tárrega)

Sor, F: Estudios (revisión Regino Sáinz de la Maza, edición U.M.E.), nº 6-14.
(20-26).

Tárrega, F: Lágrima e Pavana.

VV. AA: Modern times Vol.I. Ed. Chanterelle.

Arpege (Francis Kleynjans)

Estudio a la cubana (Ernesto Cordero)

All of that to which the name “jazz” is given (Brian Hodel) VV. AA: Modern times Vol.II. Ed. Chanterelle.

Drones (Gilbert Biberian)

Viñeta criolla I (Ernesto Cordero)

3.2.4. Avaliación

